

# CIG-Saúde Laboral

## Boletín nº 44

Nº 44 XULLO 2023

CIG - GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL

[www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org)

### SUMARIO

A FONDO

**OS RISCOS INHERENTES Á IMPLANTACIÓN DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL NOS CENTROS DE TRABALLO**

*Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral*



*EDITA: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral*

CO FINANCIAMENTO DE:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

EDITA E PUBLICA:



Confederación Intersindical Galega

Os riscos inherentes á implantación da intelixencia artificial nos centros de traballo

# Os riscos inherentes á implantación da Intelixencia Artificial nos centros de traballo

*No presente monográfico a través de distintas seccións e/ou apartados que configuran este informe, abordamos os ámbitos, os elementos e os aspectos claves a considerar no proceso acelerado e xa iniciado en moitas empresas, da introdución e implantación da Intelixencia Artificial nos sistemas de produción e de organización do traballo, así como os importantes riscos sociais e laborais asociados a dito proceso de implantación. Esperamos que este documento sirva ao conxunto das persoas traballadoras para informarse, sensibilizarse e poder dimensionar axeitadamente os desafíos que afrontamos e/ou imos afrontar nun futuro próximo nesta materia.*

## IA: ALGORITMOS

**A**lgoritmo: Denomínase algoritmo a un grupo finito de operacións organizadas de maneira lóxica e ordenada que permite solucionar un determinado problema. Trátase dunha serie de instrucións ou regras establecidas que, por medio dunha sucesión de pasos, permiten acadar un resultado ou solución. En definitiva, é o compoñente básico da programación informática e é o que fai que un sitio web ou dispositivo funcione sen problemas; están feitos de código escrito por programadores de computadoras.



O uso das novas tecnoloxías está a experimentar un medre extremadamente rápido e continuado no ámbito laboral que, entre outras

innovacións tende a introducir algoritmos nos sistemas de intelixencia artificial que cada vez son máis utilizados na xestión do traballo nas empresas. Co obxectivo de mellorar a produtividade estes programas de Intelixencia Artificial (IA) captan e analizan datos, rutinas que avalían o desempeño laboral e a súa eficacia e eficiencia; establecen horarios, quendas e tempos de produción; deseñan e atribúen tarefas; analizan a información de candidatos/as a un determinado posto de traballo e rematan por seleccionar aquelas opcións que máis se axustan aos criterios e obxectivos da empresa que aplica esta tecnoloxía.

Resulta evidente, e xa está contrastado, que as persoas traballadoras dunha empresa son expostas a determinados riscos cando a xestión dos recursos humanos e as relacións laborais son automatizadas e xestionadas pola IA. A estratexia da monitorización constante a través de tecnoloxías como GPS, sensores, cámaras e/ou dispositivos wereables (dispositivos tecnolóxicos que levamos postos e transmiten

datos), co obxectivo prioritario de incrementar a produtividade, conleva xeralmente a intensificación dos esforzos requiridos para o cumprimento dos prazos marcados polo algoritmo, o que na maioría dos casos remata por xerar estrés, ansiedade, desánimo e/ou incluso cadros de depresión e outras patoloxías mentais, cardiovasculares e musculoesqueléticas.

Para evitar estes riscos é imprescindible que as novas tecnoloxías se programen atendo a factores concretos tales como, a transparencia dos algoritmos e o seu funcionamento, a adaptación personalizada dos mesmos, as capacidades de cada persoa traballadora en relación ás esixencias do seu posto e ritmo de traballo, os necesarios marxes de autonomía e á capacidade de auto organización, entre outras consideracións.

A experiencia ata agora acumulada revela que a aplicación nas empresas deste tipo de tecnoloxías e os **nesgos** (sesgos) **introducidos nos algoritmos** están a reproducir en moitas ocasións situacións de discriminación e desigualdade no trato das persoas traballadoras, carencias importantes na aplicación dunha verdadeira ética profesional, vulneración sistemática da privacidade e despersonalización das persoas traballadoras, que sofren a falta de consideración das súas condicións persoais, por parte dunhas máquinas e sistemas de automatización totalmente carentes de empatía ou dunha mínima humanización.

Son moitos investigadores/as especialistas acreditados en Intelixencia Artificial de primeiro

nivel, que afirman publicamente que **a IA supón un grave risco para o conxunto dos seres humanos, e especialmente para as clases traballadoras**, que verán ameazada a súa existencia vital-laboral como consecuencia do inevitable desenvolvemento de sistemas que superarán e desbordarán amplamente as capacidades humanas, sendo necesario deter a súa evolución e implantación ata que a nivel planetario se consensúe e se aplique un marco normativo-legal estrito e rigoroso que regule o seu desenvolvemento e aplicación dende a mesma xénese do seu deseño, co gallo de protexer dende a súa base a saúde, a seguridade e a integridade psicofísica do conxunto da humanidade.




Hoxe por hoxe podemos afirmar que a IA estase a comportar como una tecnoloxía global que medra e se desenvolve con unha velocidade e un alcance “exponencial”, acadando un ritmo “disruptivo” que rematará se non o remediamos por transformar fondamente e para mal, a forma na que vive e traballa o ser humano. Así as cousas e moito máis alá de códigos éticos de asunción voluntaria, resulta de



vital importancia crear normativa e regulamentación legal con estritos protocolos en materia de uso, aplicación e desenvolvemento, centrando e determinando os límites da mesma na salvagarda dos dereitos humanos fundamentais e a protección innegociable da vida das persoas.

### A avaricia como motor de desenvolvemento

A ninguén se lle pode escapar a estas alturas do século, que o motor fundamental que está a impulsar un desenvolvemento “supersónico” da IA e a súa aplicación acelerada ao mundo laboral e aos sistemas de produción, non é outro que a cobiza económica ante as posibilidades de poder incrementar notablemente os beneficios e producirse unha concentración de capital e recursos económicos aínda moito maior da xa existente.



A redución de custos máis o incremento da produtividade que sen dúbida van producir por exemplo os procesos de robotización dotados de IA: “cobots”, terá de feito como consecuen-

cia un importante incremento dos beneficios e unha significativa redución de postos de traballo agora ocupados por persoas traballadoras en todos os sectores económicos, actividades profesionais e sistemas de produción.

Así as cousas, a aplicación da IA ao mundo do traballo non só supón unha grave ameaza para a SST en termos de riscos físicos e psicosociais, senón tamén en termos de destrución masiva de emprego. Distintas estimacións realizadas por organizacións internacionais solventes de distinta índole e pelaxe político, estiman que nos vindeiros 10 anos poderían desaparecer a nivel mundial entre 90 e 160 millóns de postos de traballo. No que non se poñen de acordo, porque é moito máis complicado de calcular con certeza, é sobre cantos novos postos de traballo se van producir como consecuencia da introdución da IA e os novos nichos de desenvolvemento económico. Máis aló das constantes fabulacións e intentos continuados de manipulación da opinión pública por parte dos estamentos socio políticos e económicos neoliberais encarnados na extrema dereita e na dereita extrema conservadora, a realidade é que a meirande parte dos millóns de postos de traballo que a bo seguro se van destruír, non serán recuperados por outras novas ocupacións, e moito menos os que se poidan crear serán accesibles para a gran maioría da poboación traballadora que nun futuro será despedida como consecuencia da implementación da robotización e a aplicación da IA aos sistemas de produción.

Cumpre logo enfocarse axeitadamente o escenario e asumir que socialmente vai ser absolutamente necesario, por unha parte realizar un reparto equitativo do traballo que non merme a retribución final nin o poder adquisitivo das clases traballadoras, e por outro, unha reconfiguración fiscal das rendas do traballo, que deberán gravar con impostos, tal e como se fai coa actividade das persoas traballadoras, a actividade produtiva e os beneficios xerados como consecuencia da robotización e a aplicación da IA. En termos democráticos, de xustiza e de equidade, non existe outra posibilidade de reequilibrar a balanza social, a non ser que a inmensa e inesgotable cobiza dos beneficiarios do gran capital teñan a tentación de arriscar á posibilidade de que se produza un conflito social xeneralizado de consecuencias impredecibles a nivel planetario.

### IA: ROBOTIZACIÓN E PLATAFORMAS COLABORATIVAS

Neste período histórico que nos toca vivir, podemos afirmar que maioritariamente os riscos novos e emerxentes aos que as persoas traballadoras nos temos que enfrontar, veñen provocados pola innovación técnica e polo cambio social e organizativo. No caso que nos ocupa, a implementación da IA nos medios de produción, os riscos psicosociais, organizacionais e ergonómicos son sen dúbida os que máis impacto van ter na chamada industria 4.0, como consecuencia dos cambios experimentados ou por experimentar nas condicións de traballo: o incremento límite dos ritmos de

produción, a extensión das xornadas de traballo, os horarios de posta en disposición non remunerados das persoas traballadoras, as novas formas de contratación/precarización, xunto a outros riscos específicos derivados da introdución masiva das novas tecnoloxías: ciberseguridade, tecnoestrés, tecnofobia, tecnoadición, etc..



Neste escenario de revolución tecnolóxica extremadamente acelerada de gran alcance e amplitude, progresivamente comeza a albiscarse a destrución exponencial do emprego ata agora existente, a baixa calidade dos novos empregos resultante destas innovacións, a segmentación e especialización das tarefas de traballo e o incremento progresivo das persoas traballadoras “independentes”, configurándose naqueles lugares do mundo no que se están a implementar estas “innovacións” tecnolóxicas, un contexto laboral de precarización xeneralizada cunha importante presión empresarial para a diminución dos salarios e un deterioro substancial das condicións de traballo e dos dereitos fundamentais. Unha clase traballadora cada vez máis desprotexida en materia de

seguridade e saúde laboral e con maiores dificultades de organización para defender os seus dereitos laborais.

En relación aos factores de risco laboral que se derivan das novas formas de traballo, na actualidade deberíamos distinguir agora basicamente entre dous dominios fortemente condicionados pola introdución acelerada da IA, un o relacionado coa robotización das contornas laborais e outro o relacionado coa denominada economía colaborativa.

## ROBOTIZACIÓN

Por exemplo, se abordamos o tema da Robotización, aínda que potencialmente a mesma podería incidir positivamente na redución de riscos laborais asociados ás tarefas de maior carga física e postural, e/ou limitar ou eliminar os niveis de exposición á manipulación de produtos químicos e biolóxicos de alta toxicidade; pola contra, e especialmente aquela robotización que incorpora a IA (Cobots), xa está a ser un factor cunha gran capacidade de destrución de emprego, á vez que creador de múltiples e importantes riscos en materia de seguridade e saúde laboral, especialmente no que atinxe ao incremento límite dos ritmos e cargas de traballo, o illamento e sensación de soidade das persoas traballadoras, despersonalización e deshumanización das relacións laborais, descualificación




e perda de habilidades profesionais, “datificación” e “maquinización” dos traballadores/as, segmentación e hiperespecialización das tarefas, esgotamento, depresión, estrés, TME, riscos de carácter mecánico ao compartir un mesmo espazo cos robots, problemas de saúde mental, ... por non falar da cada vez maior precarización contractual e salarial aos que estas persoas traballadoras se ven sometidas.

Sen dúbida algunha a tecnoloxía robótica chegará a ser dominante na vindeira década influíndo significativamente en todos os aspectos do traballo, chegando a ter cada vez un impacto de maior repercusión e alcance conforme se vaian incrementando as interaccións entre as persoas traballadoras e os robots. Neste senso a *Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo* (EU-OSHA) no seu documento “*Revisión sobre o futuro do traballo: a robótica*”,

afirma: “no futuro, a cooperación entre robots e humanos diversificarase, no sentido de que os robots ampliarán a súa autonomía e dita colaboración adoptará formas completamente novas, o que implica a necesidade urxente de adaptar a regulación normativa de SST a estes novos riscos derivados da robotización”, a saber:

- A falta de formación e experiencia no traballo con robots das persoas traballadoras que van convivir con eles, supón un im-

portante reto para a industria e os organismos reguladores, que deberán valorar as consecuencias da comunicación máquina-home en espazos compartidos.



- A robotización non só necesita de maiores esixencias de control do risco na xestión da saúde e a seguridade, senón que tamén formula importantes dúbidas de tipo xurídico e ético que urxe resolver.
- Faise preciso e urxente estudar os factores psicosociais relacionados coa robótica no ámbito da saúde e a seguridade no traballo.
- Resulta imprescindible a regulación da xornada de traballo e dos períodos de actividade, tendo en conta a maior intensidade dos mesmos, o aumento das cargas de traballo e a saturación das persoas traballadoras derivada do uso de robots e sistemas de traballo automáticos: débese ter en conta que os descansos desaparecen en contextos de traballo moi automatizados, onde o operario/a debe seguir o ritmo da máquina automática.
- É necesario determinar os temas de responsabilidade en caso de accidentes de traballo que afecten a persoas traballadoras que conviven cos robots. Será preciso cando non imprescindible, avanzar no desenvolvemento dun marco normativo efectivo e suficientemente clarificador.

### PLATAFORMAS COLABORATIVAS

Hai xa uns anos que se están a producir cambios estruturais nas formas de organización do traballo e dos novos modelos de empresas que prestan servizos apoiados nas novas tecnoloxías, agrupadas xeralmente baixo o termo de empresas de “traballo colaborativo”. Estas xorden fundamentalmente polas facilidades que proporcionan as comunicacións por internet que habilitan a posibilidade de formar “comunidades colaborativas” que son atendidas por unha “plataforma virtual”. Novos sistemas estes que provocan unha deslocalización permanente, imposibilitando incluso ás veces situar fisicamente as empresas que xeran estes servizos. Estes dous conceptos, “traballo colaborativo” e “deslocalización”, crean novos tipos de traballo sobre os que é difícil delimitar o seu marco de relación laboral e por extensión o seu marco de seguridade e saúde no traballo.

En esencia nas chamadas plataformas colaborativas interveñen tres tipos de axentes que finalmente determinan a tipoloxía de negocio:

- a) O prestador de servizos particulares ou profesionais;
- b) Os usuarios dos servizos,
- e c) Os intermediarios que a través das plataformas facilitan o intercambio de servizos.



Na maioría das ocasións a prestación do servizo realízase seguindo as indicacións do usuario, non do prestador do servizo, o que fai que a relación laboral entre o prestador do servizo (a persoa traballadora) e o intermediario (a empresa que explota a plataforma) sexa confusa e mal delimitada. Neste contexto as actividades laborais que realizan as persoas traballadoras da plataforma na prestación do servizo ao cliente ou usuario, son a miúdo tarefas individuais que se realizan “ad hoc”, para un determinado momento e cometido, non sendo regulares no tempo.



[Así as cousas, existen basicamente tres tipos de plataformas dixitais:](#)

### 1) Plataformas P2P (de particular a particular)

Son modelos que se basean na intermediación entre a oferta e a demanda xerada nunha relación de intercambio entre iguais. Exemplos: *Blabacar, Airbnb, homeAway, eBay, Wallapop*, etc.

Con carácter xeral, as persoas traballadoras da plataforma matriz o son por conta allea, estando ao dispor da empresa creadora do servizo, que tamén polo xeral son pequenas empresas.

### 2) Plataformas B2C, baixo demanda

Estas plataformas establecen un modelo de relación entre profesionais e usuarios finais interesados na oferta proposta. Son plataformas nas que se establece unha relación comercial pola prestación dun servizo profesional. Exemplos: *UBER, Delivero, Cabify, Glovo*, etc.

### 3) Plataformas de acceso

Este tipo de plataformas poñen ao dispor do consumidor/usuario final un ben, cuxo uso se caracteriza por ser: ou Temporal ou Medición do tempo efectivo de uso e/ou xeolocalización do ben unha vez finalizado o servizo. Este modelo só fai referencia aos modelos nos que a plataforma dixital si presta o servizo subxacente e os usuarios normalmente non teñen contacto directo entre si para efectuar as transaccións. Son exemplos desas plataformas, *Emov* (servizo de carsharing de vehículos 100% eléctricos pensado para desprazarse polo centro das cidades), *Carsharing* (solución de mobilidade que permite desprazarse con todas as comodidades, sen ter que mercar un coche, nin pagar todos os custos adicionais que supón ser propietario dun. Só se paga o tempo que se usa o vehículo), *Car2go*, ...

Así, nas plataformas colaborativas desdébúxase a natureza xurídica das relacións laborais entre a persoa traballadora e a empresa, tendendo a desnaturalizar a relación contractual reorganizando a actividade laboral en forma de autoemprego, que nin sequera en moitas ocasións cumpre os mínimos requirimentos for-



mais. Nestes casos resulta fundamental a clarificación xurídico-laboral da relación contractual entre o traballador/a e a empresa que xestiona a plataforma, para o que é preciso unha regulación normativa gobernamental e unha acción sindical enérxica e decidida no marco da negociación colectiva.

**Especificamente e de xeito resumido, os factores de risco máis significativos asociados ao traballo en plataformas colaborativas son:**


**Riscos psicosociais asociados ao modelo de organización do traballo:** A fragmentación do traballo; a baixa calidade do traballo; a posta en disposición permanente non remunerada; a cualificación do servizo realizado por parte do cliente; a presión e o estrés continuado sobre o traballador/a para o cumprimento de obxectivos; a precarización laboral; a inseguridade xurídica.

**O factor da conducción de vehículos de motor ou bicicletas:** Riscos de carácter ergonómico asociados ao transporte de cargas; conducción apresurada e perigosa; consulta de pantallas de comunicación dixital durante a conducción; ...

**INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA TRABALLADORES/AS. XESTIÓN: RISCOS E OPORTUNIDADES (OSHA)**

O apartado que presentamos a continuación é o resultado dun informe prospectivo de investigación realizado pola *Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo* (EU-OSHA) sobre o impacto e incidencia da implementación da Intelixencia Artificial (IA) nos centros de traballo e nos modelos de organización

produtiva. A maiores dos resultados que este informe ofrece, o seu valor consiste na información e os datos recollidos no mesmo e que en última instancia deberían orientar as iniciativas e actuacións a realizar por parte da Comisión Europea en materia de elaboración do compendio ético e a normativa regulatoria destinada a protexer no marco europeo ás persoas traballadoras en materia de Seguridade e Saúde no Traballo (SST) fronte a implantación cada vez máis agresiva e acelerada dos sistemas de automatización e robotización dotados de IA nos lugares de traballo.



**INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA TRABALLADORES/AS. XESTIÓN: RISCOS E OPORTUNIDADES (Tradución do inglés do documento orixinal de EU-OSHA)**

Sobre a base dun traballo prospectivo, no ano 2020 a *Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo* (EU-OSHA) iniciou un programa de investigación de catro anos sobre dixitalización, seguridade e saúde no traballo.

O obxectivo deste programa é o de proporcionar apoios para a elaboración de políticas baseadas en evidencias, sistematizando e facilitando a posta en disposición de coñecementos máis fondos e específicos sobre as consecuencias da dixitalización na saúde, a seguridade e o benestar das persoas traballadoras, así como a abordaxe destas cuestións nos niveis de investigación, política e práctica, e a descrición de prácticas exitosas.

Como complemento das conclusións presentadas pola EU-OSHA (2022a), este resumo de políticas presenta os riscos e oportunidades para a SST dos sistemas de xestión de persoas traballadoras baseados en intelixencia artificial, que se analizan amplamente en EU-OSHA (2022b), e propón un número determinado de recomendacións. Un resumo de políticas separado (EU-OSHA, 2022c) céntrase nas medidas de prevención e as recomendacións relacionadas.

**AIWM** é un termo xenérico que fai referencia a un sistema de xestión de persoas traballadoras que recompila datos, a miúdo en tempo real, sobre o espazo de traballo, os traballadores/as, o traballo que realizan e as ferramentas (dixitais) que utilizan para o seu traballo, que logo se introducen nunha IA. Baseado nun modelo que toma decisións automatizadas ou semiautomáticas, proporciona información para os responsables da toma de decisións sobre cuestións relacionadas coa xestión das persoas traballadoras (EU-OSHA, 2019; Comisión Europea, 2021; Servizo de Investigación

do Parlamento Europeo, 2020; Grupo de expertos de alto nivel sobre Intelixencia, 2019). É este un dos desenvolvementos recentes no lugar de traballo que presenta oportunidades pero tamén riscos e desafíos para a seguridade e a saúde dos traballadores/as.



## Riscos para a saúde e a seguridade das persoas traballadoras

### Intensificación do traballo

**A intensificación do traballo é un dos riscos máis frecuentemente reportados relacionados co uso de sistemas AIWM. Para aumentar a produtividade, as organizacións poden implementar sistemas AIWM que dirixan aos operarios/as no traballo sen mini descansos, minimicen o tempo de certos procedementos e os/as obriguen a traballar a alta velocidade.**

Un exemplo común da intensificación do traballo debido a AIWM pódese atopar nas operacións de almacén: para acelerar o traballo, utilízase AIWM para rastrexar o tempo de finalización dos pedidos, así como os movementos, erros e descansos dos traballadores/as, a fin de eliminar os "innecesarios".

Tales sistemas tamén se empregan en traballos de pescozo branco. Por exemplo, *Barclays*, un banco con sede no Reino Unido,

utiliza un software de seguimento nalgunhas das súas oficinas para monitorear o tempo que as persoas traballadoras pasan nos seus escritorios ou a duración dos seus descansos para ir ao baño, informando aos traballadores/as cando o algoritmo considera que os seus descansos son suficientes ou demasiado longos, o que dá como resultado unha maior intensidade de traballo (*Eurofound, 2020*; Servizo de Investigación do Parlamento Europeo, 2020).

### Perda de control e autonomía do traballo

A perda de control e autonomía do traballo tamén son riscos comunmente informados relacionados co uso de sistemas AIWM no lugar de traballo: algúns sistemas AIWM poden asumir o control do traballo (contido, ritmo, horario ... ) a través, por exemplo, da dirección da persoa traballadora e pouco quedará a criterio desta. Ademais, **a maioría dos sistemas algorítmicos e baseados en IA ditan como realizar o traballo ou as tarefas ao traballador/a e isto pode resultar nunha perda de control sobre o seu traballo** (*Curchod et al.,2020; Kellogg et al.,2020*). A perda de control e autonomía no traballo asóciase frecuentemente con altos niveis de estrés e tamén conduce a unha menor produtividade, baixo rendemento e maiores niveis de ausencia por enfermidade (*HSE, 2017*). De acordo co modelo de control de demandas laborais de *Karasek (1979)*, os traballos de 'alto estrés', onde os empregados/as teñen altas demandas no traballo e ao mesmo tempo moi pouco control

sobre o que fan no traballo, teñen o maior impacto negativo na saúde mental. As altas esixencias e o baixo control dificultan a capacidade dun traballador/a para elixir o método e o tempo para completar un traballo, pero requiren unha gran cantidade de recursos cognitivos, o que pode conducir a problemas de saúde mental.


### Deshumanización das persoas traballadoras

**O uso activo dos sistemas AIWM, por exemplo, a través dunha dirección, avaliación ou disciplina excesiva dos traballadores/as, tamén podería conducir á súa deshumanización e, a longo prazo, forzalos a comportarse como máquinas** (*Carr, 2014;*). Impacto negativo na saúde (*Danaher, 2018; EU-OSHA, 2018; Heaven, 2020*), que logo podería, segundo varios expertos/as entrevistados no campo, conducir a unha diminución das capacidades cognitivas e intelectuais, merma do pensamento creativo, perda de autonomía, falta de independencia de pensamento, etc.





Paga a pena sinalar que, aínda que se espera que os sistemas AIWM poidan informar aos traballadores/as e empregadores/as sobre os riscos (por exemplo, a probabilidade de fatiga e esgotamento), tamén poderían conducir á deshumanización das persoas traballadoras, xa que poderían volverse dependentes do sistema de advertencia creado por IA e posiblemente a perda da súa propia capacidade para recoñecer os perigos unha vez que algo sae mal. Á súa vez, isto podería provocar problemas de saúde ou accidentes laborais.



### 'Datificación' das persoas traballadoras

Tamén pode argumentarse que **ao introducir a automatización e as tecnoloxías baseadas en IA, as organizacións poderían comezar a ver ás persoas traballadoras como meros obxectos ou coleccións de datos dixitais 'obxectivos' que producen mentres traballan** (De Stefano, 2018), mentres que ao mesmo tempo eliminan marxes de manobra dos traballadores/as, ou mesmo controlan as súas emocións. Esta deshumanización pódese denominar a 'datificación' dos traballadores/as (Gal et

al.,2020; Mai, 2016): tratar aos traballadores/as como coleccións de datos dixitais. Aínda que a datificación utilízase para a dixitalización de diferentes aspectos do traballo e o seguimento en tempo real, analizando e predicindo o comportamento dos traballadores/as (Subedi & Pradhananga, 2021), a cuantificación da vida humana a través de datos é controvertida e pode servir só para fins económicos e pode discriminar contra particulares (Eubanks, 2017).


### Discriminación laboral e uso de datos privados e sensibles

**O uso de sistemas AIWM tamén pode resultar na discriminación das persoas traballadoras, xa que a vixilancia intrusiva pode implicar a recompilación de datos privados e confidenciais** (Ravid et al.,2020), **que á súa vez poden usarse para tomar decisións automatizadas ou semiautomáticas sobre o traballador/a.** Isto pode resultar en favorecer a certas persoas traballadoras e discriminar a outras, por exemplo, nas etapas de contratación ou avaliación/ascenso dos traballadores/as. Aínda que os sistemas AIWM poden ofrecer precisión ao observar o perfil desexado dos candidatos/as nun proceso de selección, poden facer suposicións sobre os candidatos en función das súas características (por exemplo, xénero, etnia, nacionalidade, idade, ideoloxía, orientación sexual, identidade de xénero) e logo tomar decisións que resulten nalgũa forma de discriminación dos traballadores/as (Fernández-Martínez & Fernández, 2020; EU OSHA, 2018), especialmente cando os sistemas AIWM están

deseñados incorporando un determinado nesgo, enfoque ou orientación. A discriminación é recoñecida como un factor principal de estrés no traballo e está relacionada con problemas de saúde mental.

### Seguimento do desempeño e impacto nas persoas traballadoras

**AIWM tamén pode obrigar ás persoas traballadoras a traballar máis rápido a través dunha vixilancia constante, incluído a vixilancia das accións que realizan e a súa produtividade.** Cando os traballadores/as son conscientes de que se lles supervisa constantemente e se avalía o seu desempeño, é posible que se neguen a tomar descansos cando sexa necesario e que tamén descoiden as interaccións sociais con outros compañeiros/as (EU-OSHA, 2018) para poñerse ao día co horario ou seguir as instrucións proporcionadas polo sistema AIWM. Por exemplo, cando *Disney Resorts* introduciu unha táboa de clasificación electrónica cun tema de semáforo que rastrexaba o desempeño do persoal de lavandería, os traballadores/as loitaban por manterse ao día e comezaron a saltarse os descansos para ir ao baño. Os traballadores/as referíronse á táboa de líderes como 'o látego electrónico' (Lewis, 2019). Os devanditos sistemas, que crean unha visión xeral completa do desempeño dun traballador/a e que é visible para os compañeiros/as, tamén poden resultar nunha contorna competitiva pouco saudable entre colegas. Á súa vez, este tipo de presión pode xerar ansiedade e baixa autoestima nos traballadores/as (EU-OSHA, 2018).



### Sistemas de cualificación dos traballadores/as

A presión sobre o desempeño tamén podería verse exacerbada, segundo *Wood e Lehdonvirta* (2021), polos **sistemas de cualificación de satisfacción do cliente que conducen ao empoderamento algorítmico do cliente.** Máis especificamente, AIWM pode usar as clasificacións dos clientes para penalizar ás persoas traballadoras, ignorando posibles nesgos nas opinións dos clientes e xerando inseguridade entre os traballadores/as (Frey & Osborne, 2013; Le et al., 2015). Estes problemas poden exacerbarse aínda máis se non hai transparencia por parte dos/as xerentes sobre como se cualifica aos traballadores/as, así como se as persoas traballadoras non poden impugnar estas cualificacións e avaliacións.

### Comportamentos inseguros e de risco das persoas traballadoras

Se IA crea presión de desempeño, por exemplo, a través dunha dirección algorítmica que aumenta a velocidade do traballo, ou a través de algoritmos de avaliación que cualifican ás

persoas traballadoras e asobrigan a traballar máis, isto crea unha **tendencia a comportamentos de risco ou inseguros nos que os/as traballadores/as poden ter que elixir entre seguir instrucións e ser produtivo ou manterse seguro e saudable**. Por exemplo, os traballadores/as poden decidir quitar a protección de seguridade dunha máquina para completar o procedemento de traballo nun período de tempo máis curto ou tomar un roteiro máis rápido ou máis perigoso para entregar bens ao consumidor. **O control excesivo pode tamén conducir a unha cultura de seguridade baixa, xa que os traballadores/as comezan a favorecer a produtividade sobre a seguridade**, e teñen menos tempo para comunicarse cos seus compañeiros/as e, por tanto, transferir os seus coñecementos sobre SST (EU-OSHA, 2018).

#### Movimentos repetitivos, posturas incómodas e problemas ergonómicos:

O impulso para traballar máis rápido tamén pode conducir a unha maior cantidade de movementos repetitivos, posturas incómodas debido ás présas e menos atención á posición e ergonomía do corpo e as extremidades da persoa traballadora. **Os movementos repetitivos que involucran os mesmos grupos musculares, un ritmo rápido e unha gran cantidade de traballo son especialmente perigosos, xa que a persoa traballadora non ten tempo para recuperarse nos curtos períodos de tempo entre os movementos**. A longo prazo, o corpo necesita máis esforzo para realizar a tarefa e o tempo de recuperación vólvese aín-

da máis importante. Por tanto, canto máis rápido sexa o ritmo, menos tempo estará dispoñible para a recuperación e maior será o risco de trastornos musculoesqueléticos (TME) (Descatha et al.,2020; Finneran & Ou'Sullivan, 2010). Ademais, o traballo intenso pode xerar altos niveis de estrés, fatiga e esgotamentos relacionados co traballo (EU-OSHA, 2018).

#### Recualificación e descualificación das persoas traballadoras

Ademais, segundo EU-OSHA (2018), **algunhas tarefas asumidas polas novas tecnoloxías poden dar lugar a situacións nas que non se require a iniciativa, a concentración e as habilidades das persoas traballadoras, e os traballos poden perder significado e, por tanto, diminuír a satisfacción laboral**. Os expertos/as entrevistados tamén fixeron fincapé nos problemas de recualificación e descualificación da forza laboral debido a AIWM, o que pode conducir a un alto nivel de estrés relacionado co traballo, maiores niveis de aburrimiento e menor satisfacción laboral (CWA, 2017; Mishra et





al.,2019). Tamén conducen a unha cultura de seguridade baixa, xa que os traballadores/as comezan a favorecer a produtividade sobre a seguridade, e teñen menos tempo para comunicarse cos seus compañeiros/as e, por tanto, transferir os seus coñecementos sobre SST (EU-OSHA, 2018).

### Soidade do traballador/a e illamento social

O uso extensivo de AIWM por parte dunha organización tamén pode facer que as persoas traballadoras se sintan soas e illadas. Isto débese a que **devanditos sistemas a miúdo obrigan aos traballadores/as a comunicarse menos cos seus compañeiros/as ao obrigalos a traballar máis e concentrarse na produtividade.** Á súa vez, debido á falta de comunicación entre os traballadores/as e a falta de apoio social, o ambiente non é propicio para o compañeirismo e non se forma unha comunidade de traballo próxima (Bérastégui, 2021). Isto, á súa vez, pode dar lugar a unha competencia feroz entre os empregados/as e, por tanto, poñer en perigo a cooperación e o espírito de equipo e o clima laboral en xeral.

Estes problemas poden aumentar o estrés relacionado co traballo e, inicialmente, tamén poden causar acoso e mobbing no lugar de traballo (Ou'Moore & Lynch, 2007). Á súa vez, os sentimentos de soidade e illamento poden



